

**PUNTUACIÓNS OUTORGADAS E RELACIÓ DE PERSOAS ASPIRANTES QUE  
SUPERARON A PROBA CONSISTENTE NUN CUESTIONARIO TEÓRICO  
CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO EXERCICIO**

**CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PARA A COVERTURA DUNHA VACANTE DE  
ARQUITECTO/A SUPERIOR EN RÉXIME DE INTERINIDADE**

**Primeiro.-** Segundo o previsto na base 8ª que rexe a convocatoria, o cuestionario de preguntas de contido teórico cualificarase como máximo en 20 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de 10 puntos.

**Segundo.-** Realizada a lectura pública ante o Tribunal cualificador, as puntuacións acadadas polas persoas aspirantes que superaron o cuestionario de contido teórico do primeiro exercicio son as que se relacionan na seguinte táboa:

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	PUNTUACIÓN
LAURA	PALACIO	MARIN	17,00
MARTIN	SASTRE	OTERO	11,50
JOSE	MAGDALENA	NOGUEIRA	10,00

De acordo co disposto na base 8ª, as persoas aspirantes terán un prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro.-** Convócase ás tres persoas aspirantes que superaron a proba de contido teórico á realización do segundo exercicio (proba práctica) que terá lugar o **día 04 de maio ás 10:00 horas da mañá, no Salón de Plenos do Concello de Bueu**, sito na Rúa Eduardo Vincenti, número 8, de Bueu.

Tal e como recollen as bases que rexen o procedemento, para a realización desta proba, os aspirantes poderán acudir provistos, para a súa consulta, de copias de normativa, en soporte papel, publicadas no Boletín Oficial do Estado, ou diarios oficiais (DOG e BOPPO), así como textos legais de calquera editorial aínda que inclúan comentarios, sempre que estes se limiten exclusivamente a meras concordancias normativas, citas de resolucións xudiciais ou administrativas, ou referentes a textos publicados por autores sobre a materia. Agora ben, non se considerarán textos legais aos efectos sinalados nesta base libros de texto, sentencias, mementos ou similares.

Todo o cal se fai de público coñecemento en cumprimento do previsto nas bases que rexen a presente convocatoria.

Bueu, á data que figura na sinatura dixital á marxe